

## SODES OS/AS MELLORES:

Ola a todos os nenos e nenas do CEIP O Marbán,  
que tal vos vai?

Coñecéndo-vos, supoño que vos vai fenomenal.

Os profes do voso cole: Marcos, Sole, Socorro, M<sup>a</sup> Jesús, Carmela, Irene, Manoli, Carmen, Sandra e Sonia, así como Fran e Marisa sabemos que ata agora fostes moi bos alumnos e alumnas pois estivestes na casa moitos días sen saír para protexernos do virus e temos que felicitarvos.

Sodes os/as mellores!



Coma xa sabedes dende este domingo 26 de abril os/as nenos/as menores de 14 anos podedes saír un pouco á rúa porque sodes moi responsables e ata agora o fixestes todo fenomenal. Pero temos que seguir así...

É xenial que poidades saír para respirar o aire fresco pero tede en conta que hai que seguir unhas normas moi importantes que nos protexerán do virus. Por iso, queremos lembraros que:

- Tedes que saír pouco a pouco: unha hora ao día como máximo e para que non vos despistedes papá ou mamá encargaranse de avisarvos de que xa é hora de voltar a casa
- Permanecer a carón de papá ou mamá: sairás acompañado/a só por un deles e é importante que vaias preto en todo momento.
- Manter a distancia con outras persoas: cando coincidas con outras persoas xa sexan nenos/as ou adultos debes evitar achegarte. Ten paciencia, xa queda menos para volver a xogar xuntos/as.
- Podes levar algún dos teus xoguetes, así como ir en bicicleta ou patinete. Aínda que non poderás ir a xogar ao parque.
- E, sobre todo, tes que lavar ben as mans ao regresar a casa, é o primeiro que tes que facer.

Moito ánimo peques!!! non vos esquezades de gozar da liberdade,  
respirar o aire fresco e soñar...

E por suposto, tampouco vos esquezades do voso cole  
e dos vosos/as mestres/as.



**LEMBRADE QUE UN DÍA MÁIS É UN DÍA MENOS...**